

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de xaneiro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. Angel Rivas González

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día cinco de xaneiro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local por delegación, Sr. Lorenzo Penela, a interventora xeral por delegación, Sra. Alfayate Rodríguez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN EN RÉXIME DE CONTRATO MENOR NO MES DE DECEMBRO DE 2011. EXPTE. 1401/334.

Mediante providencia de data 23.12.11, en cumprimento co establecido na base 31^a das de execución do orzamento xeral, o concelleiro de Deportes e Normalización Lingüística dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de decembro, que son os seguintes:

Expediente	1376/334. Actuación de dinamización e formación en lingua galega "O mundo en Galicia"
Decreto concelleiro	data 12 de decembro de 2011
Informe Intervención	RC 86026

Adxudicatario	Radio ECCA fundación canaria
Importe	1.200,00 euros

Expediente	1381/334. Traballo de publicación do volume "Detección e levantamento toponímico dos cursos fluviais do Concello de Vigo"
Decreto concelleiro	data 15 de decembro de 2011
Informe Intervención	RC 87450
Adxudicatario	Tórculo Artes Gráficas, S.A.
Importe	2.003,99 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

2.- PAGAMENTO DE COTAS PENDENTES POR GASTOS DE COMUNIDADE DO ANO 2011 NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO NÚMERO 71. EXPTE. 19265/240.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 26.12.11, conformado pola concelleira de Patrimonio, a xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

1. O 3 de outubro de 2011 o órgano fiscalizador devolve o expediente 19265-240 solicitando se remita o expediente 18867-240. O obxectivo é acreditar se existe ou non unha posible duplicidade no pagamento das cotas mensuais de novembro e decembro de 2010 polo inmovible 2º A da Rúa Martínez Garrido número 71. No expediente 18867-240 se recolle expresamente que se realiza o pagamento correspondente a totalidade das cotas mensuais do ano 2010.

2. O expediente físico 18867-240 non consta no arquivo da dependencia de patrimonio polo que entendemos que o mesmo foi extraviado.

3. Non obstante o anterior no informe proposta que figura expresamente no expediente 18867-240 se recolle o seguinte:

"Segun escrito presentado nestas dependenciasó adeudado polo Concello dende xuño de 2008 ata decembro de 2009, ascende a 570 euros (30 euros mensuais), mais unha derrama de 40 euros.

Por parte deste servizo, co fin de agilizar a xestión da tramitación deste tipo de gasto, e dado que se trata de unha propiedade municipal, considerase axeitado o abono da debeda ata decembro de 2010, o que suporía un gasto total dende xuño de 2008 de 970 euros."

4. O 3 de maio de 2010 fíxose efectivo o pagamento de 970€, que se corresponden co seguinte detalle:

Período	Importe mensual	Total
Xuño 2008- Decembro 2009	30,00 €	19*30=570€
Xaneiro a Marzo de 2010	30,00 €	3*30=90€
Abril e Maio de 2010	35,00 €	2*35=70€
Recibos extra (tuberías dos contadores e porta do garaxe)	20,00 €	2*20=40€
Anticipo		200,00 €

O anticipo pode aplicarse ao pagamento das seguintes mensualidades:

Período	Importe mensual	Total
Xuño a Outubro	35,00 €	35*5=175€
Novembro	35,00 €	25,00 €

5. Polo anteriormente exposto no 3 de maio de 2011 non estaba incluída a mensualidade do mes de decembro e unha parte da mensualidade correspondente ao mes de novembro.

6. Ademais estaba pendente o pago da cota extraordinaria da adecuación do ascensor á normativa europea que se corresponde cunha derrama mensual de 20€ durante 23 mensualidades a distribuír entre abril de 2010 (9*20) e febreiro de 2012 ambas as dúas incluídas.

7. O importe pendente de pagamento a 31 de decembro de 2010 é o seguinte:

Período	Importe Mensual	Total Importe Pendente
Novembro 2010	35,00 €	10€ (35€-25€)
Decembro 2010	35,00 €	35,00 €
Abril 2010 a decembro de 2010	20€+20€	(9*20€)= 180€

8. O importe correspondente ao período 2011 é o seguinte:

Período	Importe Mensual	Total Importe
Xaneiro 2011 a Decembro 2011 Ordinaria	35,00 €	12*35€= 420€
Xaneiro 2011 a Decembro 2011 derrama ascensores	20,00 €	12*20€= 240€

9. O importe total adebedado a 31 de decembro de 2011 é de 885€

Fundamentación xurídica:

1. O Concello de Vigo é propietario do inmovible sito no 2º A na Rúa Martínez Garrido número 71.

2. O Concello de Vigo está obrigado a facer fronte ao pagamento das cotas anteriormente mencionadas pola súa condición de propietario.

3. O estado actual das débedas anteriormente mencionadas é o seguinte:

Período	Importe Mensual	Total Importe Pendente
Novembro 2010 Ordinaria	35,00 €	10€ (35€-25€)
Decembro 2010 Ordinaria	35,00 €	35,00 €
Abril 2010 a decembro de 2010 derrama ascensores	20,00 €	(9*20€)= 180€
Xaneiro 2011 a Decembro 2011 Ordinaria	35,00 €	12*35€= 420€
Xaneiro 2011 a Decembro 2011 derrama ascensores	20,00 €	12*20€= 240€

Documentación achegada:

Copia da acta da Xunta Xeral Ordinaria do 31 de xullo de 2009 onde se acorda a derrama de 40€ polos gastos ocasionados pola tubería dos contadores e a porta do garaxe.

Copia da acta da Xunta Xeral Ordinaria do 23 de marzo do 2010 onde se acorda o incremento da cota ordinaria en 5€ mensuais e unha derrama de 20€ mensuais durante 23 meses .

Visto ó anterior, propónse a XGL, previo informe da Intervención Xeral, O FUNCIONARIO QUE SUBSCRIBE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Autorizar un gasto de 885€ con cargo á aplicación orzamentaria 9220.2120005.

Dispoñer un gasto de 885€ con cargo á aplicación orzamentaria 9220.2120005 a favor da Comunidade de propietarios Martínez Garrido 71 con NIF H36695021 en concepto de cotas pendentes correspondente a parte o exercizo 2010 e a totalidade do 2011.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3.- DAR CONTA DE CONTRATOS MENORES REALIZADOS POLA POLICÍA LOCAL NO ÚLTIMO TRIMESTRE DO ANO 2011. EXPTE. 35232/212.

Mediante escrito de data 28.12.11, en cumprimento co establecido na base 31^a das de execución do presuposto, o concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes tramitados polo réxime de contrato menor pola Policía Local durante o derradeiro trimestre do ano 2011, e que son os seguintes:

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adjudicatario	Data Decreto	Data Rc	Importe
34982-212	13206290001	SUM	Armas e defensas simuladas	Galicom Comunicaci3n s, S.L.	13/10/11	18/10/11	820,10
35103-212	13202260100	SER	Aloxamento, manutenci3n delegados ONG Stop Accidentes	As 3 Luces Hotel	21/11/11	25/11/11	500,00
35018-212	13202140000	SER	Reparaci3n, posta punto bicicletas Costa e Praia	Biciocon	27/10/11	14/11/11	260,00
35021-212	13202219901	SUM	Adquisici3n 20 carteis	Ecovigo Publicidade	28/10/11	14/11/11	554,33
34983-212	13206290002	SUM	Adquisici3n alcohol3metro muestreo	Dr3guer Safety Hispania	18/10/11	18/11/11	994,41
34584-212	13202210400	SUM	Adquisici3n vestiario oficial G. tiro	Galicom Comunicaci3n s S.L.	19/10/11	14/11/11	619,50
35095-212	13202260100	SUM	Adquisici3n chaveiros, metopas actos da P. Local	Ra3l 3lvarez Fern3ndez	16/10/11	25/11/11	3491,62
34957-212	13202219901	SUM	Adquisici3n 500 conos sinalizaci3n	Baygar, S.L.	29/09/11	13/10/11	4425,00
35020-212	13202140000	SER	Reparaci3n chapa, pintura veh3culo 3890 DVT	Talleres Font3n	26/10/11	14/11/11	1585,18
34981-212	13202140000	SER	Reforma escal3n kit electrificaci3n 2 furg3ns atestados	Talleres Hermafer	07/10/11	14/11/11	6183,20
35036-212	13202140000	SER	Reparaci3n, posta a punto bicicletas Costa e Praia	Xtremebike Shop, S.L.	04/11/11	24/11/11	84,00
35037-212	13202130000	SER	Reparaci3n el3ctricas varias Xefatura Polic3a	Jos3 Carlos Costas 3lvarez	04/11/11	14/12/11	5992,49
35153-212	13202140000	SER	Reparaci3n chapa, pintura veh3culo 3810 DVT	Talleres Pampill3n	12/12/11	19/12/11	885,00
35169-212	13206290004	SUM	Adquisici3n 2 equipos comunicaci3ns	Cies	13/12/11	19/12/11	1150,00
35159-212	13206290004	SUM	Adquisici3n sistemas comunicaci3ns discretos	Telga Comunicaci3n s, S.L.	12/12/11	22/12/11	4138,17
35190-212	13202219900	SUM	Adquisici3n repostos necesarios equipos comunicaci3ns individuais	Cies	19/12/11	22/12/11	5177,69
35175-212	13202120000	SER	Reparaci3n en zona vestiarios Polic3a	Jos3 Carlos Costas 3lvarez	21/12/11	23/12/11	19560,86
35212-212	13202279902	SUM	Adquisici3n, colocaci3n carteis e escudos Xefatura Polic3a	Cies	20/12/11	26/12/11	2886,87

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adjudicatario	Data Decreto	Data Rc	Importe
35199-212	13206290006	SUM	Adquisici3n 1 equipo aire acondicionado	Jos3 Carlos Costas 3lvarez	20/12/11	23/12/11	6501,80
35201-212	13202140000	SER	Reparaci3n veh3culo 3787 DVT	Talleres Evaristo	21/12/11	22/12/11	1097,40

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4.- DEVOLUCIÓN AVAL Á ASOCIACIÓN CULTURAL DA CEREIXA CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DE OUBEADE. EXPTE. 81611/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 30.12.11, conformado polo concelleiro da Área de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 06 de xunio de 2011 por parte da ASOCIACION CULTURAL DA CEREIXA, con CIF G-27753417, por un importe de 1.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo do evento no Parque Forestal Beade, por non producirse danos.

5.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PERI II-08 A BOUZA SUR (API-61 PXOM) (PEID). SEGUNDA APROBACIÓN PROVISIONAL. EXPTE. 11925/411.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 20.12.11, conformado pola arquitecta municipal e xefa de Planeamento e Xestión, e pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1: O 19.05.2011 a Xunta de Goberno Local do Concello deVigo , examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 18.05.11, conformado polo arquitecto municipal, director da oficina de Planeamento e Xestión e pola Xerente de Urbanismo, e co acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 19.05.2011, a Xunta de Goberno local acordou:

“PRIMEIRO:Desestimar, con base no informe do Titular da Asesoría Xurídica municipal do 10.05.2011, a alegación presentada por D. Ubaldo Rodríguez Bello, en nome e en representación da mercantil Miraflores Vigo S.A., durante o trámite de información pública do Exp. Nº 11925/411 (Doc. nº 100075238).

SEGUNDO:Aprobar provisionalmente a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR PERI II-08 <<A BOUZA SUR>> (API-61 PXOM) – PLAN ESPECIAL DE INFRAESTUCTURAS E DOTACIÓNS (PEID)”, de iniciativa municipal, a fin de posibilitar a creación dun equipamento sociocultural ó servizo do barrio de Coia que integre a reconstrución do edificio do antigo “Colexio Alemán” e a ampliación da zona verde do Parque da Bouza Sur, segundo a documentación elaborada pola Oficina de Planeamento -Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo (Exp. Nº 11925/411).

TERCEIRO:Someter o expediente completo, debidamente dilixenciado, ó conselleiro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (CMATI – Secretaría xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo) para que emita o informe preceptivo previsto no Art. 86.1d) da LOUGA (L.9/2002), previo á aprobación definitiva da Modificación. Este informe deberá ser emitido no prazo de dous (2) meses desde a entrada do expediente completo no Rexistro da CMATI e terá

carácter vinculante no que atinxe ó control da legalidade e a tutela dos intereses supramunicipais, o cumprimento das determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio e dos plans territoriais e sectoriais. Transcorrido ese prazo sen que se comunicase o informe recabado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuarse a tramitación administrativa.

CUARTO: Remitir copia deste acordo ó alegante e o “Movemento Cidadán O Noso Barrio”, da Parroquia do Cristo da Victoria, para o seu coñecemento, coa indicación de que non é susceptible de recurso ningún por tratarse dun mero acto de trámite (Art. 107.1 pfo. 2º LRX-PAC).”

I.2. Remitido o 8.06.2011 o expediente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (CMATI – Secretaría xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo) para que emitise o informe preceptivo previsto no Art. 86.1d) da LOUGA (L.9/2002), previo á aprobación definitiva da Modificación, recibíuse o 26.09.2011 informe cunha serie de observacións a subsanar que deberían ser corrixidas e enviadas novamente para informe.

I.3. Con data 7.10.2011 os servizos técnicos municipais redactaron informe-contestación xustificativo que se inclúe no expediente, e introduciron as correccións requiridas pola Consellería na versión denominada V.2, con data de outubro de 2011. As correccións introducidas fóron as seguintes:

a) Suprímese da páxina 3 o seguinte parágrafo:

“A modificación tamén replantexa a delimitación e a ordenación detallada do PERI aprobado sobre a última cartografía oficial dispoñible do Concello de Vigo.”

b) Incorpórase na páxina 13, no apartado 7 de “Elementos protexidos”, a continuación da ficha do elemento catalogado S-010”PARQUE DA BOUZA” o seguinte parágrafo, :

“Non obstante a esta catalogación debe terse en conta tamén o disposto no artigo 9.07.03 do PXOM, referente ao réxime das API:

“En caso de discrepancias entre o planeamento que se asume e as determinacións do Plan Xeral, considéranse predominantes as específicas de orixe. En caso de que puidesen existir discrepancias na conexión do viario, deberanse redactar Estudos de Detalle para garanti-la adecuación e continuidade da rede”

A aparente discrepancia entre a catalogación do parque, e a consideración de API coa ordenación remitida ao PERI A Bouza, queda matizada por este artigo que considera predominante o planeamento de orixe.

Aún así o xustifícase a inexistencia de valores da zona da parcela 14, e a conveniencia de suprimir a edificación das parcelas 9 a 13, co que o elemento queda convenientemente protexido.”

c) Corríxese a rotulación de tódolos planos actualizándolos a V.2 e data de outubro de 2011-10-06

d) Corríxese o plano INF (02) de ORDENACIÓN (ANTERIOR) que pasa a denominarse ORDENACION (VIXENTE), modificando a rotulación de DELIIMITACION DEL PERI , por DELIMITACION DEL API-61

e) Corríxese o plano P(01) de ordenación incluíndose as aliñacións do vial de acceso rodado á parcela de dotación socio-cultural dende a Rúa Cronista Rodríguez Elías.

I.3. Remitida novamente para informe o 31.10.2011 a versión V.2. do expediente, recibíuse o 1.12.2011 escrito do Xefe de Servizo do Departamento territorial de Pontevedra de dito Organismo, polo que se require que dita documentación V.2 sexa sometida novamente a aprobación provisional

II. NORMATIVA EXAMINADA

- *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- *L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.*
- *L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- *L.18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia.*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).*
- *TRRL (RDLex.781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).*
- *LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia).*
- *LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).*
- *LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).*
- *RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).*
- *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- *RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000; modificación: A.D. Pleno 26.04.2010, BOP 20.07.2010).*
- *ROP (Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo; A.D. Pleno 31.05.2010, BOP nº 180, do 17.09.2010).*
- *ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).*
- *PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).*
- *PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).*

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Danse por reproducidos os fundamentos xurídicos expostos no informe de calidade e legalidade emitido polos servizos técnicos e xurídicos municipais de data 12.05.2011, e na proposta da anterior aprobación provisional en data 18.05.2011, que figuran no expediente

III.2. A versión V.2. do Documento de «MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR PERI II-08 «A BOUZA SUR» (API – 61 PXOM) - PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUCTURAS E DOTACIÓNS (PEID)» foi elaborado polos servizos técnicos da Oficina de Planeamento – Xestión da XMU, coa mesma estrutura e contido que o que foi aprobado provisionalmente o 19.05.2011 pola Xunta de Goberno Local.

III.3. As correccións introducidas son as relacionadas no punto I.3 dos antecedentes do presente informe, todas elas derivadas das observacións formuladas pola Consellería de Medio Ambiente, territorio e Urbanismo, no seu informe de 26 de setembro de 2011, tratándose de meras correccións de índole material que non se poden considerar modificacións substanciais nin supoñen a adopción de ningún novo criterio, polo que non requiren da apertura dun novo trámite de información pública.

III.4 Competencia:

É competente para adoptar o acordo de aprobación provisional que a seguir se propón a Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.d] LRBRL), por proposta do Consello de Xerencia da XMU (Arts. 2.A] e 10.1.b] e j] Estatutos XMU).

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, o Art. 86 da LOUGA, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,
«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR PERI II-08 «A BOUZA SUR» (API-61 PXOM) - PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUCTURAS E DOTACIÓNS (PEID)”, nos mesmos termos que a anterior aprobación provisional acordada o 19.05.2011, expediente de iniciativa municipal, a fin de posibilitar a creación dun equipamento sociocultural ó servizo do barrio de Coia que integre a reconstrucción do edificio do antigo “Colexio Alemán” e a ampliación da zona verde do Parque da Bouza Sur, segundo a documentación elaborada pola Oficina de Planeamento - Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo (Exp. nº 11925/411), denominada V.2., na que se introducen as correccións solicitadas pola CMATI no seu informe de 26 de setembro de 2011.

SEGUNDO: Someter o expediente completo, debidamente dilixenciado, ó conselleiro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (CMATI – Secretaría xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo) para que emita o informe preceptivo previsto no Art. 86.1.d) da LOUGA (L.9/2002), previo á aprobación definitiva da Modificación. Este informe deberá ser emitido no prazo de dous (2) meses desde a entrada do expediente completo no Rexistro da CMATI e terá carácter vinculante no que atinxe ó control da legalidade e a tutela dos intereses supramunicipais, o cumprimento das determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio e dos plans territoriais e sectoriais. Transcorrido ese prazo sen que se comunicase o informe recabado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuarse a tramitación administrativa.

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión realizada o día 30.12.11, acordou someter á Xunta de Goberno local a proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR PERI II-08 «A BOUZA SUR» (API-61 PXOM) - PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUCTURAS E DOTACIÓNS (PEID)”, nos mesmos termos que a anterior aprobación provisional acordada o 19.05.2011, expediente de iniciativa municipal, a fin de posibilitar a creación dun equipamento sociocultural ó servizo do barrio de Coia que integre a reconstrucción do edificio do antigo “Colexio Alemán” e a ampliación da zona verde do Parque da Bouza Sur, segundo a documentación elaborada pola Oficina de Planeamento - Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo (Exp. nº 11925/411), denominada V.2., na que se introducen as correccións solicitadas pola CMATI no seu informe de 26 de setembro de 2011.

SEGUNDO: Someter o expediente completo, debidamente dilixenciado, ó conselleiro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (CMATI – Secretaría xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo) para que emita o informe preceptivo previsto no Art. 86.1.d) da LOUGA (L.9/2002), previo á aprobación definitiva da Modificación. Este informe deberá ser emitido no prazo de dous (2) meses desde a entrada do expediente completo no Rexistro da CMATI e terá carácter vinculante no que atinxe ó control da legalidade e a tutela dos intereses supramunicipais, o cumprimento das determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio e dos plans territoriais e sectoriais. Transcorrido ese prazo sen que se comunicase o informe recabado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuarse a tramitación administrativa.

6.- DEREITO DE REVERSIÓN E INDEMNIZACIÓN REVERSIONAL A FAVOR DE DON CÁNDIDO CRESPO FIGUEROA. ESTIMACIÓN PARCIAL DE RECURSO DE REPOSICIÓN. EXPTE. 12755/411.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 20.12.11, conformado pola arquitecta municipal e xefa de Planeamento e Xestión, e pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- D. Cándido Crespo Figueroa presentou o 01.06.2011 no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo (DOC. 110081563) un recurso potestativo de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 18.04.2011, polo que se corruxía un erro nun acordo

do mesmo órgano de 21.02.2011, polo que se recoñecía un dereito de reversión en favor do solicitante sobre 254,00 m² de terreo..

O citado acordo correctivo, engadía que á indemnización reversional fixada o petionario debía engadir o IVE no momento do seu pagamento, cuestión que o recorrente estima contraria a Dereito e contra a que dirixe o seu recurso.

II.- O 24.11.2011 o xefe dos Servizos Centrais emitiu informe favorable á estimación do recurso, do seguinte teor literal:

1.- Antecedentes.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 21 de febreiro de 2011, acordou:

“PRIMEIRO: Recoñecer o dereito de reversión a D. Cándido Crespo Figueroa, sobre a superficie de 254,00 m² de terreo conformantes da parcela n.º 662 E do expediente expropiatorio tramitado para a execución da obra “32-PO-2560. Mejora de pavimentación CN-556. PK 0,00 al 7,300. Tramo: acceso al aeropuerto de Vigo, en el tm de Vigo”, de acordo cos informes de día 22.07.2010 e 15.10.2010 do adxunto ao director dos servizos técnicos e do día 18.10.2010 do topógrafo municipal obrantes no expediente, advertíndolle que a toma de posesión do ben revertido non poderá ter lugar sen o previo pago ou consignación da indemnización reversional consonte ao previsto no artigo 55 LEF.

SEGUNDO: Aprobar a valoración da superficie a revertir na cantidade de 48.473,10 euros, de acordo co informe da arquitecta municipal da Oficina de Planeamento e Xestión de día 07.02.2011.

TERCEIRO: Outorgar un trámite de audiencia ao interesado por prazo de vinte días, contado dende o seguinte a súa notificación, para que, no caso de disconformidade coa valoración contida no apartado dispositivo segundo deste acordo, presente folla de aprecio, na que concrete o valor da superficie a revertir no que estime, podendo aducir cantas alegacións estime pertinentes, dándosele traslado a tal efecto do informe da arquitecta municipal da Oficina de Planeamento e Xestión de día 07.02.2011.

CUARTO: Comunicar ao interesado que deberá proceder ao pagamento ou consignación a favor do Concello da indemnización reversional no prazo de tres meses a contar desde a súa determinación en vía administrativa, producíndose, en caso contrario, a caducidade do dereito.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao interesado significándolle que contra o mesmo poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo de un mes ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, en ambos a contar dende o seguinte a súa recepción, sen prexuízo do exercicio das accións legais que considere oportunas.”

O mesmo órgano municipal, en sesión ordinaria do 18 de abril de 2011, acordou:

“PRIMEIRO: Corrixir o erro advertido no acordo do día 21.02.2011 polo que se recoñece o dereito de reversión a D. Cándido Crespo Figueroa, sobre a superficie de 254,00 m² de terreo da parcela n.º 662 E do expediente expropiatorio tramitado para a execución da obra “32-PO-2560. Mejora de pavimentación CN-556. PK 0,00 al 7,300. Tramo: acceso al aeropuerto de Vigo, en el tm de Vigo”, e definir os lindeiros de dita parcela como segue: Norte: Liña de 71,75 ml, Avenida do Aeroporto; Sur: Liña quebrada de 43,30 ml e 30,50 ml; Leste: Liña de 2,25 ml, descoñecido; e Oeste: liña de 2,00 ml, camiño da Zamuda; mantendo no demais o referido acordo.

SEGUNDO: Declarar determinada definitivamente a indemnización reversional na cantidade de 48.473,10 euros, debendo o interesado proceder ao seu pagamento (máis 18% IVE) a favor do Concello no n.º de conta 2080.0000.77.0040254209 da entidade Novacaixagalicia no prazo de tres meses a contar desde a súa notificación, advertíndolle que producírase, en caso contrario, a caducidade do dereito. Así mesmo, se lle comunica que, unha vez feito efectivo o pagamento do prezo reversional dentro do prazo sinalado, poderá proceder á toma de posesión do ben revertido.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ao interesado significándolle que contra o mesmo poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo de un mes ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, en ambos a contar dende o seguinte a súa recepción, sen prexuízo do exercicio das accións legais que considere oportunas.

CUARTO: Remitir o presente acordo aos Servizos Centrais da XMU para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

Con data ún de xuño de 2011, D. Cándido Crespo Figueroa presentou escrito por Rexistro desta Xerencia Municipal de Urbanismo (doc. 110081563) solicitando que se declare “la nulidad de la citada resolución (se refire o recorrente ó acordo da XGL de 18 de abril de 2011), dictando una nueva otra nueva en la que se fije como cuantía a abonar por la propiedad en concepto de justiprecio reversional el importe económico de 48.473,10 €, tratándose de una cantidad que no será incrementada por el Impuesto sobre el Valor Añadido al tratarse de una entrega de bienes no sujeta a dicho impuesto indirecto, y todo ello por ser lo que procede con arreglo al mejor Derecho”.

Mediante dilixencia de 2 de xuño de 2011, a Técnico de Administración Xeral de Planeamento e Xestión, solicita a estos Servizos Centrais da Xerencia de Urbanismo que se emita informe.

2.- Fundamentación xurídica.

O artigo 8.Dous.3º da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, ó determinar o feito imponible deste imposto considera entregas de bens “as transmisións de bens en virtude dunha norma ou dunha resolución administrativo ou xuridiccional, incluída a expropiación forzosa”. Esta suxección ó IVE está condicionada ó mesmo tempo a que o transmitente teña ou actúe na condición de empresario ou profesional.

Ó mesmo tempo o artigo 80.Dous da propia Ley 37/1992, establece que “cando por resolución firme, xudicial ou administrativa ou con arraxo a Dereito ou ós usos de comercio queden sin efecto total ou parcialmente as operacións gravadas ou se altere o prezo despois do momento no que a operación se teña efectuado, a base impoñible modificarase na contía correspondiente”.

Esta regulación do IVE é a que utiliza a Dirección Xeral de Tributos, na consulta vinculante nº V0829-08, de data 22/04/2008, resolvendo unha cuestión planteada igual á que nos ocupa: “Si a reversión dos terreos que non se destinaron ó uso previsto constitúe entrega de bens suxeita ó Imposto sobre o Valor Engadido”. A Dirección Xeral de Tributos conclúe manifestando que “debe entenderse que tal reversión non constitúe entrega de bens a efectos do Imposto sobre o Valor Engadido, e, por conseguinte, non pode considerarse unha operación suxeita ó Imposto, senon un suposto de resolución total ou parcial da entrega de bens (terreos) que en su día realizou o expropiado en virtude do procedemento de expropiación forzosa, tanto si dita entrega estivo suxeita a dito imposto como si non”.

Esta conclusión da Dirección Xeral de Tributos, da non suxección da reversión ó IVE, está fundamentada en que esta figura, contemplada no artigo 54 da Lei de Expropiación Forzosa, supón unha cesación dos efectos orixinais da expropiación, unha resolución da mesma, habilitándose tal resolución mediante unha devolución recíproca de prestacións, sin que poda resultar este reintegro gravoso para o propietario.

3.- Conclusión.

Por todo o exposto, procede admitir o recurso de reposición presentado por D. Cándido Crespo Figueroa, declarando nulo o acordo da Xunta de Goberno de 18 de abril de 2011, en tanto que afecta á cuantificación do elemento esencial da reversión, a súa indemnización. O novo acordo deberá fixar o importe da indemnización reversional sen IVE.

Ó mesmo tempo, como consecuencia da fusión de CAIXANOVA e CAIXAGALICIA, deberá figurar que o interesado realizará o pagamento no número de conta 2080-5000-64-3110254207 (da entidade “NOVAGALICIA BANCO”), da que é titular esta Xerencia Municipal de Urbanismo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- *Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; Boletín Oficial do Estado -BOE- n.º 154, de 26.06.2008 (TRLR 2008)*

- *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; Diario Oficial de Galicia -DOG- n.º 252, de 31.12.2002 (LOUGA)*
- *Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa; BOE n.º 351, de 17.12.1954 (LEF)*
- *Decreto de 26 de abril de 1957, polo que se aproba o regulamento da Lei de expropiación forzosa: BOE n.º 160, de 20.06.1957 (RLEF)*
- *Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE n.º 175, de 23.07.1997*
- *Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)*
- *Código civil; BOE n.º 206, 25.07.1889 (CC)*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)*

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- O interesado recorre en reposición contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de 14.04.2011, polo que se corruxía un erro no Acordo do mesmo órgano adoptado o 21.02.2011, no senso de modificar a descrición do linde norte da parcela revertida.

Paralelamente, no citado acordo corrector engadiuse que á indemnización reversional o interesado debería adir o IVE ao 18% no momento de pago ao Concello, adición que motiva o recurso do reversionista, que considera improcedente a citada previsión por resultar contraria tanto o previsto na consulta vinculante da Dirección Xeral de tributos n.º V0829-08, como á xurisprudencia que cita relativa á necesaria concordancia entre o valor do ben expropiado e do prezo xusto da reversión, de xeito que das actuacións non derive para o expropiado-reversionista ningún beneficio nin prexuízo patrimonial.

2.- O xefe dos Servizos Centrais estima que os motivos alegados polo recorrente son conformes a dereito, informando favorablemente o recurso formulado polo Sr. Crespo Figueroa no tocante exclusivamente á inesixibilidade do IVE, concorrendo a causa de nulidade recollida no art. 62.2 da Lei 30/1992, por ser tal previsión resultado dunha aplicación incorrecta da normativa tributaria aplicable.

O recorrente, pese a que solicita a declaración de nulidade da totalidade do acordo de 14.04.2011, refírese unicamente á esixencia do IVE, resultando incongruente o solicitado con respecto aos motivos alegados.

3.- Pese a que o recurso debe ser estimado parcialmente, debendo declararse nulo o acordo impugnado no referente á falta de suxeición da reversión ao IVE, quedando en principio o resto da resolución intacta en aplicación do principio de intransmisibilidade positivizado no art. 64.2 da Lei 30/1992, cómpre entrar a valorar se o incumprimento polo recorrente do prazo legalmente establecido para o ingreso do prezo xusto da reversión supuxo a caducidade do seu dereito.

En efecto, o Acordo recorrido -con amparo no art. 55.3 da LEF- dispuña no seu apartado Segundo que o interesado debía ingresar nunha conta de titularidade municipal a indemnización reversional máis o 18% de IVE, con expresa advertencia de que de non facelo así, se produciría a caducidade do seu dereito á reversión solicitada.

A interposición dos recursos administrativos, con carácter xeral, non suspende a execución do acto impugnado salvo que unha norma dispoña o contrario, sendo digno de mención que a dita suspensión non foi interesada polo recorrente pese a concorrer un evidente 'periculum in mora' ante a eventual perda do dereito á reversión polo transcurso do prazo de caducidade anteriormente indicado, solicitude que tería amparo no art. 111.2.a) da Lei 30/1992, recollendo á súa vez o art. 111.3 o sentido positivo do silencio no caso de non recibir resposta expresa da Administración transcorridos 30 días dende a solicitude.

O recorrente foi notificado do acto recorrido o 04.05.2011, polo que o prazo de 3 meses de que dispuña para ingresar o prezo xusto da reversión (máis o IVE, pese a ser inesixible) terminou o 04.08.2011; resulta tamén salientable que o recurso de reposición que se informa, interposto o 01.06.2011, podía entender desestimado dende o 01.07.2011 por silencio administrativo a teor do disposto no art. 117.2 da Lei 30/1992, en relación co art. 43 da mesma norma, co que o recorrente dispuxo dun prazo máis que suficiente entre o 01.07.2011 e o 04.08.2011 para proceder ao pagamento, sen prexuízo do seu dereito a acudir aos tribunais e impugnar a desestimación presunta do recurso e instar a devolución do tributo indebidamente pagado.

4.- Porén, a estimación parcial do recurso e a declaración de nulidade da contía total requirida ao reversionista, supón que non se produciu a consunción do prazo de tres meses a partir do cal se produce a caducidade do dereito segundo o art. 55.3 da LEF, dado que a dita cantidade non resultaba esixible ao interesado para exercer o seu dereito recoñecido polo Acordo da Xunta de Goberno Local de 21.02.2011, que se vía limitado por mor do incremento irregular do custe financeiro da operación equivalente ao 18% do IVE, que

podería levar até o punto de impedir ao reversionista o exercicio do seu dereito segundo a súa situación financeira.

Tal e como sinala o xefe dos Servizos Centrais no seu informe transcrito nos Antecedentes do presente, o número de conta no que o reversionista debe facer o ingreso se quere facer efectivo o seu dereito variou por mor das operacións de fusión das caixas galegas, polo que no acordo que se propondrá farase constar o novo número indicado polo xefe dos Servizos Centrais,

5.- É competente para adoptar o acordo que a seguir se propondrá a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.d) LBRL), a proposta do Consello de Xerencia da XMU (arts. 10.1.d] e]] e 2.4.A).12 dos Estatutos da XMU).

III.- PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, proponse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Estimar parcialmente o recurso de reposición formulado por D. Cándido Crespo Figueroa contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de abril de 2011 ditado no exp. 12755/411, e declarar a nulidade do apartado segundo do citado acordo, manténdose en todo o demais.

SEGUNDO: Declarar determinada definitivamente a indemnización reversional na contía de CORENTA E OITO MIL CATROCIENTOS SETENTA E TRES EUROS CON DEZ CÉNTIMOS DE EURO (48.473,10 euros), que o interesado deberá ingresar a favor do Excmo. Concello de Vigo na conta 2080-5000-64-31100254207 da entidade financeira NOVAGALICIA BANCO.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ao interesado, requiríndolle para que ingrese na conta anteriormente indicada o importe da indemnización reversional (48.473,10 €) dentro do prazo improrrogable de tres (3) meses contados dende a data da súa notificación, con indicación de que unha vez feito o pagamento do prezo reversional dentro do prazo sinalado, poderá proceder á toma de posesión do ben revertido, e con expresa advertencia de que a falta de ingreso en prazo determina a caducidade do dereito de reversión recoñecido ao seu favor polo Acordo da Xunta de Goberno Local de 21.02.2011.

Na notificación que se curse farase constar que o presente acordo é susceptible de ser recorrido en vía contencioso-administrativa perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses dende o día seguinte ao da súa recepción, sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro que estime procedente.

CUARTO: *Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Servizos Centrais, á Oficina de Vivenda e á Oficina de Patrimonio, aos efectos oportunos».*

O presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ao seu superior criterio.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión realizada o día 30.12.11, acordou someter á Xunta de Goberno local a proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Estimar parcialmente o recurso de reposición formulado por D. Cándido Crespo Figueroa contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de abril de 2011 ditado no exp. 12755/411, e declarar a nulidade do apartado segundo do citado acordo, manténdose en todo o demais.

SEGUNDO: Declarar determinada definitivamente a indemnización reversional na contía de CORENTA E OITO MIL CATROCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON DEZ CÉNTIMOS DE EURO (48.473,10 euros), que o interesado deberá ingresar a favor do Excmo. Concello de Vigo na conta 2080-5000-64-31100254207 da entidade financeira NOVAGALICIA BANCO.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ao interesado, requiríndolle para que ingrese na conta anteriormente indicada o importe da indemnización reversional (48.473,10 €) dentro do prazo improrrogable de tres (3) meses contados dende a data da súa notificación, con indicación de que unha vez feito o pagamento do prezo reversional dentro do prazo sinalado, poderá proceder á toma de posesión do ben revertido, e con expresa advertencia de que a falta de ingreso en prazo determina a caducidade do dereito de reversión recoñecido ao seu favor polo Acordo da Xunta de Goberno Local de 21.02.2011.

Na notificación que se curse farase constar que o presente acordo é susceptible de ser recorrido en vía contencioso-administrativa perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses dende o día seguinte ao da súa recepción, sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro que estime procedente.

CUARTO: *Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Servizos Centrais, á Oficina de Vivenda e á Oficina de Patrimonio, aos efectos oportunos».*

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e seis minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.